

## Estadística de construcción de edificios. Agosto 2007

### COMUNICADO

#### En agosto de 2007 concedéronse 4.025 licencias municipais para a construción de vivendas en nova planta.

No que vai de ano as licencias municipais para a construción de vivendas en nova planta aumentou nun 48,2% con respecto ao mesmo período do ano anterior.

A variación neta do parque de vivendas en agosto de 2007 foi de 4.047 unidades, segundo a estatística de construción de edificios que recolle as licencias municipais de obra maior concedidas.

Esta variación é o resultado da diferenza entre as licencias para a construción de vivendas, 4.025 en nova planta e 124 en rehabilitación, e as 102 concedidas para a demolición de vivendas.

O crecemento no que vai de ano da variación neta do parque de vivendas con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 47,4%

#### Estadística de construción de edificios. Agosto 2007.

|   | Dato  | % variación sobre igual período ano anterior |                            |
|---|-------|--|----------------------------|
|   |       | Do mes                                       | Da media do que vai de ano |
| Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> ) | 757   | 46,1%  | 46,7%                      |
| Variación neta parque de vivendas (número)                | 4.047 | 49,4%  | 47,4%                      |
| Vivendas a crear  |       |  |                            |
| Vivendas a crear en nova planta                           | 4.025 | 49,2%  | 48,2%                      |
| Vivendas a crear en rehabilitación                        | 124   | 49,4%  | 6,8%                       |
| Vivendas a demoler  | 102   | 37,8%  | 25,8%                      |
| <b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>              |       |  |                            |
| Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> ) | 727   | 46,1%  | 45,5%                      |
| Vivendas a crear en nova planta                           | 3.874 | 49,2%  | 47,0%                      |


Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

**A superficie total da edificación de nova planta creceu un 46,1% en agosto de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En agosto de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 46,1%. A superficie destinada a vivenda acada unha taxa interanual do 49,4% e a non residencial presenta un descenso interanual do 7,8%. Corrixida de efecto calendario o crecemento da superficie total é tamén do 46,1%.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 46,7% con respecto ao mesmo período de 2006, en termos de datos corrixidos de efecto calendario o crecemento acumulado nos oito primeiros meses de 2007 é dun 45,5%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en :

[http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/metodoloxias/met\\_construccion\\_vivenda.pdf](http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/metodoloxias/met_construccion_vivenda.pdf)

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>